

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17101SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA TRES DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES**

### **ASISTENTES:**

#### Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

#### Concelleiros/as:

##### Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup>. Marta María Figueroa Fuentes  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D<sup>a</sup>. Marta María Iglesias Becerra  
D. Miguel Suárez García  
D<sup>a</sup>. Jessica Méndez Sánchez  
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez  
D<sup>a</sup>. María Penélope López Díaz  
D. Carlos Liñares Gestal  
D<sup>a</sup>. Susana Amor Fernández  
D. Abraham Seijas González  
D<sup>a</sup>. Cristina Pardo Portos

##### Grupo municipal do PP:

D<sup>a</sup>. Izaskun García Gorostizu  
D. Alfonso Rico Vereá

##### Grupo municipal do BNG:

D. Enrique Antonio Chouciño Garrido  
D<sup>a</sup>. María Beatriz Pérez Mosquera  
D. Gonzalo Méndez Mosqueira

##### Grupo municipal AA.VV.:

D<sup>a</sup>. María Alicia Ferreiro Varela  
D. Eduardo José Mourelle Botana  
D<sup>a</sup>. Sandra María Marzoa García

#### Ausentes sen excusa:

D. Antón Prieto García (PP)

#### O Secretario:

D. José Villán Fuertes

#### O Interventor accidental::

D. Roberto Babío Fernández

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás dez horas (10:00 h) do día tres de marzo de dous mil vinte e tres (03/03/2023), reúnese en sesión extraordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario xeral e Interventor municipal accidental.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do único asunto incluído na Orde do Día da convocatoria.

### **ÚNICO.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO EJERCICIO ECONÓMICO DO 2023.**

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural do 27/02/2023, punto 2 da orde do día, relativo á proposta da Sra. concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 22/02/2023 (código de documento UEH17I000C), contida no expediente electrónico UEH/2022/42.

A concelleira de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, Sra. Iglesias Becerra, fai unha presentación da proposta presentada e di que o equipo de goberno presenta para a súa aprobación polo pleno o presuposto do Concello de Culleredo para o exercicio 2023, que conta con actuacións de envergadura para o avance que está experimentando Culleredo e co que pretenden conseguir unha maior protección social, especialmente das persoas máis vulnerables, e unha reactivación económica que axude a afrontar os efectos que a subida de prezos está a ter sobre os veciños e as veciñas de Culleredo pois os orzamentos medran en subvencións, en educación, en xuventude, en promoción da cultura e o deporte, en servizos sociais e en investimentos. Adícanse a Servizos Sociais 5.000.000€, dos cales 600.000€ son para Prestacións Económicas de Emerxencia e Integración Social, unha partida que posiblemente sexa preciso incrementar ao longo do exercicio dada a situación actual, e 1.500.000 para axuda a domicilio. A fomento do emprego adícanse 1.000.000€ dos cales 250.000 son para subvencionar ao tecido empresarial. Adícanse case 9.000.000€ a investimentos, cos que se poderá mellorar a seguridade viaria, as instalacións deportivas, os parques e xardíns, etc.

O proxecto de presuposto que se presenta na sesión que se está a celebrar para á súa aprobación polo Pleno é un presuposto equilibrado en ingresos e gastos, por un importe de 34.469.696'40€ respectivamente, experimentando un incremento de case 7.000.000€, o que representa unha porcentaxe dun 24,10% respecto do exercicio do ano anterior. O proxecto de presuposto foi ditaminado favorablemente na correspondente comisión informativa, contén toda a documentación necesaria e legalmente requirida e foi confeccionado de acordo coa lexislación vixente.

A continuación fai unha análise dos ingresos e dos gastos, segundo o seguinte detalle:

#### **INGRESOS:**

A previsión de ingresos é de **34.469.696'40€** e está realizada en base á liquidación do ano 2021 e ao avance da liquidación do ano 2022 e criterios técnicos emitidos á vista das mesmas, e xa foi sometida aos informes pertinentes.

O presuposto finánciase cos impostos directos e indirectos, taxas e transferencias correntes e de capital, ingresos patrimoniais e enaxenación de investimentos, e este ano, dado que o Congreso dos Deputados apreciou que existen condicións de excepcionalidade

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

que xustifican a suspensión das regras fiscais, ademáis está prevista a posibilidade de concertar unha operación de crédito por importe de 7.420.000 €. Non obstante no propio Orzamento prevese a posibilidade de substituír como fonte de financiamento esta operación de crédito polo remanente de tesouraría para gastos xerais que se derive da liquidación do orzamento de 2022, da que se poderá dispor nos próximos días. En tal caso, xa non sería necesario concertar préstamo algún.

Respecto desta operación de endebedamento, tal e como sinala o informe de intervención, non é precisa autorización da Comunidade Autónoma para a súa concertación polo que, en consecuencia, os créditos financiados coa mesma estarán en situación de dispoñibles dende a entrada en vigor do Orzamento.

### **GASTOS:**

O capítulo de gasto tenta dar resposta ás necesidades máis urxentes en materias de investimento. No capítulo de persoal contén os gastos necesarios para as previsións de persoal. En gasto corrente contén as cantidades necesarias para facer fronte aos contratos dos diversos servizos municipais, ao mantemento dos servizos e os edificios públicos.

**O capítulo 1, gastos de persoal,** é de 8.795.954€, recolle os créditos necesarios para facer fronte ás retribucións do persoal municipal, cos incrementos previstos para as mesmas pola Lei de Orzamentos do Estado.

Dentro das limitacións que a taxa de reposición de efectivos supón para a incorporación de persoal, o capítulo de persoal trata de dar resposta ás necesidades de persoal do Concello nas diversas áreas, dotándose novas prazas vacantes que previsiblemente poidan ser cubertas de conformidade coa lexislación vixente. Representa un 25% do orzamento e lle gustaría facer unha aclaración neste tema sobre o incremento das retribucións porque, tal e como está previsto na lei 31/2022 de 23 de decembro de presupostos xerais do Estado para o 2023, no informe de Intervención hai un erro pois recolle un incremento dun 2% cando a realidade é que o incremento é do 2,5% respecto das retribucións vixentes a 31 de decembro de 2022 pero pode ser incrementado nun 0,50% vinculado á evolución do IPC e outro 0,50% vinculado á evolución do PIB. Hai que ter en conta tamén o Real Decreto-lei 18/2022, de 18 de outubro, que aprobou un incremento adicional das retribucións en 2022 dun 1,50% respecto das vixentes en decembro de 2021 e que, por ese motivo, o incremento das retribucións salariais para 2023 é dun 3,50% respecto das retribucións a 31 de decembro de 2022 recollida na Lei de Orzamentos do Estado e no orzamento do Concello que se presenta supón un incremento do 5% respecto das retribucións a 01 de xaneiro de 2022, xa que en outubro incrementáronse nun 1,50% adicional.

**O capítulo 2, gastos en bens correntes e de servizos,** é de 14.500.000€, incrementándose un 6'8% con respecto ao exercicio anterior e representa o 42% do orzamento. Este capítulo rexistra os incrementos necesarios para poder facer fronte ás necesidades dos distintos programas, seguindo coa política de contención dos gastos. As partidas máis importantes continúan sendo as adicadas á dotación dos créditos destinados ao financiamento dos servizos públicos básicos (mantemento de parques e xardíns, alumeadado público, limpeza viaria e de edificios, servizo de abastecemento de auga, etc) e ao benestar das persoas (servizos sociais, fomento do emprego, sanidade, educación, cultura, deporte e festas) que houberon de incrementarse posto que os prezos

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M</b>	

das novas contratacións, sobre as que están a traballar coa intención de sacar a licitación todos os contratos, van ser superiores aos que actualmente se están pagando. Este orzamento debe permitir consolidar e mellorar os servizos públicos que dende o Concello se prestan ós cidadáns.

**O capítulo 3, gastos financeiros,** dispón dunha cantidade de 103.000€ por se fora necesario abonar intereses ou no caso de que finalmente haxa de concertarse a operación de financiamento prevista no estado de ingresos.

**O capítulo 4, transferencias correntes,** é de 2.149.000€ e ten por finalidade subvencionar ás entidades sen ánimo de lucro, que aumentan considerablemente, e as prestacións económicas de emerxencia social, dotando 600.000€ para PEIS, así como para atender os compromisos de achega adquiridos polo Concello co Plan de Transporte Metropolitano, co Consorcio As Mariñas e para o financiamento dos gastos de mantemento das escolas infantís e do centro de día xestionados pola Xunta.

**O capítulo 6, investimentos,** é de 8.810.000€, representa o 25% do orzamento e aumentando en 5.623.320€ respecto do exercicio anterior, un aumento dun 64% destinado a acometer a mellora da rede viaria, dos servizos públicos, e dos espazos de lecer, culturais e deportivos.

O proxecto de presuposto que hoxe se presenta recolle as propostas de investimento feitas polos veciños e veciñas, tanto individual como colectivamente, ou a través do proceso de participación cidadá para a confección do orzamento aberto na páxina web municipal.

En canto a melloras de seguridade vial e da rede viaria, consígnase crédito para acometer actuacións tales como:

Renovación de pavimentos e actuacións en estradas municipais.	750.000 €
Remodelación de viais nas parroquias de Rutis, Vinxeira, Orro, Boedo, Celas, Bregua.	1.344.105'99 €
A 2ª fase da recuperación do Camiño de Santiago nas rúas Choeira e Catas	140.546,07 €
Melloras en urbanizacións de Monte Alfeirán 1ª Fase, Mansosol, Vallesur-Os Olivos	600.000 €
Creación dun itinerario peonil e ciclista que una o polígono industrial de Alvedro co núcleo de Alvedro	41.019'55 €
Melloras de seguridade vial en poligonos industriais	50.000 €
Mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na Rúa Andrés Pan Vieiro	406.755'51 €
Execución de aparcamentos en Vilaboa e O Burgo	300.000 €

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M</b>	

E mellora da seguridade viaria no entorno do C.E.I.P. e Polideportivo de Tarrío, para incrementar a seguridade escolar	134.117'33 €
--	--------------

Na partida de 600.000€ destinada a Melloras en urbanizacións de Monte Alfeirán 1ª Fase, Mansosol, Vallesur-Os Olivos, hai que engadir 500.000€ que se incluíron na solicitude do POS para mellora da seguridade viaria en Monte Alfeirán.

No ámbito dos espazos de lecer, culturais e deportivos este orzamento inclúe:

Obras de renovación de prazas en Tierno Galván	407.788'79 €
Do parque infantil e da praza en Tarrío	200.000 €
Cubrición e renovación de parque de As Brañas	420.000 €
Renovación do céspede no campo de fútbol de O Carrizo	600.000 €
Para investimento e reposición de elementos nos Parques, xardíns e pistas deportivas do Concello	330.000 €
Para mellorar a Torre de Celas e o seu entorno	92.770,18 €

C.I.F. P-1503100-H

Ao importe para obras de renovación de prazas en Tierno Galván hai que engadir os 900.000 euros que se incluíron na xeración de crédito que se aprobou o pasado ano para a rexeneración urbana da zona en Tierno Galván.

No apartado de servizos recóllense investimentos para:

A instalación de redes de saneamento en Castelo, Boedo, Celas, Sueiro, Sésamo, Rutis e O Burgo	350.000 €
Para reposicións na rede de abastecemento de auga e para instalacións de alumeadado público	190.000 €
Para realizar actuacións de mellora da biodiversidade nas parroquias de Celas e Castelo	115.000 €
Para o acondicionamento do edificio "C" da antiga fábrica Cros para facer un centro cultural	600.000 €
E para a compra de locais en Fonte da Balsa para un centro social de actividades ou oficinas municipais que dinamizarán esa zona así como para o proxecto de renaturalización e creación dun parque periurbano en Almeiras	550.000,00 €

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

Ás partidas que vén de relacionar hai que engadir outras partidas que aparecen desglosadas no anexo de investimentos que forma parte do orzamento que se presenta e hai que engadir, tamén, os investimentos incluídos no POS:

- Medio millón de euros para a renovación da rede municipal de alumeadado con tecnoloxía led e sistema de telexestión na Avda. de Fonteculler e para a mellora da seguridade vial e renovación do pavimento da rúa Irmáns Suárez Ferrín.
- Medio millón de euros para a mellora da seguridade vial en Monte Alfeirán (esta última incluída no POS complementario).

E todas as consignadas no exercicio anterior que serán obxecto de incorporación ao orzamento de 2023 unha vez estea liquidado o orzamento de 2022, entre as que se atopan a renovación dun vial en Fonte da Balsa, que neste momento se poderá executar unha vez superados os obstáculos administrativos cos que o goberno municipal se atopou para a adquisición dos terreos e que será obxecto dunha incorporación de remanentes; e as actuacións incluídas no expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito que se aprobou a finais do ano pasado, e que por tanto non dou tempo a executar, por importe de 4 millóns de euros (con cargo a remanentes do ano 2021), como por exemplo:

- A mellora da seguridade vial e renovación de pavimentos na antiga N-550 entre a AP-9 na rúa Luis Seoane (continuar Vilaboa desde a ponte da autovía ata a rúa Luís Seoane)
- A rehabilitación de firmes na estrada da Ermida de Ternande.
- A renovación de beirarrúas nos núcleos de O Burgo e Vilaboa.
- Asfaltados na parroquia de Almeiras.
- Acondicionamento e mellora da seguridade viaria na rúa Campo da Fonte.
- Renovación do pavimento nas rúas Fonte do Souto, Manuel Reboredo, Tarrío, Leonzas, e Poeta Pilar Pallares e Unión
- E rexeneración urbana da rúa Tierno Galván

**O Capítulo 8, activos financeiros,** dótase con 15.000€ en aplicación dos convenios de persoal funcionario e laboral.

**O Capítulo 9, pasivos financeiros,** queda dotado cunha cantidade simbólica de 1.000€ dado que neste momento non hai débeda bancaria pendente polo que non se prevén amortizacións.

Cabe sinalar que a previsión é que da liquidación do orzamento 2022 resulte un remanente de tesouraría positivo que permita substituír a operación de crédito prevista como fonte de financiamento dos investimentos indicados no anexo de investimentos, de tal forma que non sería necesario concertar a mesma.

Coa aprobación destes orzamentos o goberno municipal entende que se mellorarán substancialmente os servizos que se prestan aos cidadáns e como consecuencia a súa calidade de vida.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

Remata a súa intervención dicindo que o equipo de goberno quere agradecer aos traballadores a colaboración prestada para sacar adiante os orzamentos que se presentan e aos cidadáns as súas achegas e por todo o exposto pide o voto favorable para os mesmos.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que a Memoria da Alcaldía recolle que a Corporación ten ante ela uns orzamentos reais, factibles, prudentes e equilibrados. Se se analizan, vese que non son reais porque non se basean na planificación necesaria, porque teñen defectos formais de vulto e porque chegan tarde. Non son factibles porque deberían terse presentado no último trimestre do 2022 para telos aprobados o 31 de decembro de 2022 e traense o 3 de marzo, cando quedan tres meses para finalizar o mandato municipal. Non son prudentes tampouco porque levan consigo un endebedamento de sete millóns de euros, e fían a futuras incorporacións de remanentes das que non se sabe o que resta despois de ter fundido o aforro que Culleredo tiña de dez millóns de euros cando o goberno municipal fixo unha ampliación de crédito de cinco millóns no 2021 e de tres millóns no 2022. Non son equilibrados porque o endebedamento é o que fai cadrar as contas que o goberno municipal vende como que medran ata os 34 millóns canto no ano 2022 foron 27,7 millóns, resultando ademáis que no 2021, último ano do que hai a Conta Xeral, o equipo de goberno non executou máis que o 59% dos ingresos e o 57% do gasto. Por todo o exposto nin son reais, nin factibles, nin prudentes nin equilibrados, resaltando tamén a ausencia de adxectivos porque noutros anos utilizaban tamén o adxectivo de que eran participativos e neste ano non o utilizan, non sabendo se foi un lapsus porque non vén ningunha información do que vén de explicar a Sra. concelleira respecto de que si existen achegas veciñais.

A maiores do exposto, tampouco se pode dicir que a documentación estea completa e que se di que o Concello se pode endebedar en sete millóns de euros e que seguen dando as contas cando o resultado da liquidación non está na documentación.

Respecto do tema da participación recorda como nunha sesión anterior unha concelleira replicou que neste momento xa non é necesario reunir aos Consellos Xerais de Participación Cidadá pero o articulado dos regulamentos non di o mesmo pois o artigo 34 do Regulamento relativo a normas xerais de funcionamento do Consello Xeral de Participación Cidadá di que dito Consello se reunirá o terceiro martes do mes de outubro con carácter ordinario e con carácter extraordinario tantas veces como sexa necesario, engadindo o artigo 39 o seguinte:

*"Os orzamentos participativos son unha ferramenta para que os veciños e veciñas de Culleredo interveñan directamente na vida municipal, propoñendo actuacións a realizar polo Concello que impliquen consignación orzamentaria, como forma de mellorar o municipio de Culleredo no seu conxunto e os barrios e parroquias en concreto. Estas propostas de investimento poderán supoñer ata un 25% do anexo de investimentos do orzamento, sendo o Goberno municipal quen comunique e faga pública a cantidade equivalente a esta porcentaxe."*

Non se fixo a publicidade recollida nese artigo. O artigo 40 seguinte, recolle que toda a veciñanza ou as asociacións e entidades cidadás inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que reúnan os requisitos poderán achegar proxectos de investimento. Pregunta onde están as achegas que se fixeron porque entre a documentación do

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

expediente non se atopan. Lle di ao goberno municipal se só as ten el e xa delibera e xa decide e xa di as que están ben e a oposición non ten nada que dicir.

Como o goberno municipal non lles chega as propostas, teñen que facer referencia ás alegacións que fixo a veciñanza en exercicios anteriores e avanza que, se o equipo de goberno non deu a debida participación, o BNG promoverá a participación a partir da publicación dos orzamentos que se someten hoxe a aprobación para que a xente poida presentar alegacións e defender os seus dereitos. Hai propostas doutros anos. Pon como exemplo a veciñanza de Fonte da Balsa, que se atopa no salón, que todos os anos do mandato actual fixo achegas para que, como mínimo, se recollera unha partida no orzamento de investimentos para dar cumprimento ao proxecto do goberno municipal publicitado na prensa, cunha infografía que supón sería ben pagada, para dicir xa fai catro anos que se ía facer esa obra, pagando despois coa burla de poñer alí unha caseta de obra, unha microexcavadora e uns palés de baldosas quince días antes das eleccións para quince días despois retiralo de alí, falando agora a Sra. Iglesias Becerra de que se fará unha vez que estean resoltas as expropiacións. Pregunta por que non vai unha partida específica para resolver esa cuestión. Supón que lle dirá que iso será cunha incorporación de remanentes que se aprobou, non sabe en que momento.

Tampouco pode entender que ano tras ano se recolla unha partida para reparación na Torre de Celas, con financiamento alleo, e que non se recolla o que vén de dicir sobre Fonte da Balsa. Pregunta se o problema é que o expediente non está completo e non están resoltas as expropiacións e inventan sobre a marcha, porque non se pode entender que se redacte un proxecto sobre uns terreos que non son propiedade municipal, porque primeiro sería ter a dispoñibilidade dos terreos e despois redactar o proxecto e agora improvisan novamente, porque non está na documentación, e din que hai para comprar alí uns locais, sen especificar nada máis, e hai que acudir á prensa para ver que a partida é para locais en Fonte da Balsa e trasladar alí servizos municipais. Pregunta se se lles ocorreu así, de repente, a tres meses das eleccións, de hoxe para mañá, mover servizos municipais, a futuro, porque todo isto require facer a adquisición, a licitación, e resolver todo o procedemento polo que quedaría fora do ámbito do actual goberno municipal, engadindo que agarda que quede tamén fóra do ámbito do actual alcalde e que a partir do 28 de maio non estean nin o Sr. alcalde nin o actual goberno municipal. A veciñanza tivo que facer unha antroidada para que o goberno municipal se activara e tivera un mínimo de consideración e mandara alí un camión para tapar buratos que fan as ratas: Pregunta ao equipo de goberno se non lles parece cruel, insensible e bárbaro que a veciñanza teña que facer unha mobilización dese tipo para que se lle envíe alí un camión a tapar buratos que fan as ratas, buratos polos que colle unha pala de obreiro. Ao actual goberno municipal xa non o cre ninguén e moito menos a veciñanza de Fonte da Balsa, cancelando o propio alcalde as reunións que tiña concertadas con ela. Invita ao Sr. alcalde a que, dado que ten na sesión á veciñanza desa zona, concrete con eles unha reunión nunha data determinada e non a cancele.

Segue a falar o Sr. Chouciño Garrido e di que vai pasar a outras partidas e, seguindo co anexo de investimentos, refírese a continuación ás seguintes partidas:

- Reposicións na rede de abastecemento de auga e para instalacións de alumeados públicos e tamén para saneamento. Pregunta se o goberno municipal non lle replicou ao BNG todos estes anos que non era necesario ampliar a rede de saneamento porque estaba completa e que non había problemas co abastecemento de auga. Agora parece que si tiña razón o BNG e pregunta por que non hai unha partida concreta para recoller os problemas que teñen na Canle en Orro e aclara que isto ten moito que ver co que pasa en Fonte da Balsa. O goberno municipal mete nas bases de execución a vinculación a nivel de capítulo o que



Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

quere dicir que con todo o capítulo 6, relativo aos investimentos, o goberno municipal poderá facer o que queira e pode poñer hoxe, por exemplo, que é para locais e mañá ver que non é suficiente a partida que puxeron para reforma da Cros e ampliar esta partida. O mesmo sucede co saneamento, pois co fácil que sería detallar todo non se detalla que partida é para cada parroquia. Hai unha chamada da Intervención sobre as partidas que están sen definir, ao igual que pasou en exercicios anteriores. O orzamento non é un saco, senón unha ferramenta de planificación e xa por iso, e non só por ser unha esixencia legal, ao goberno municipal lle debería interesar partir dun orzamento que detalle as partidas de forma que permita executalas canto antes. Recorda o exemplo que fixo sobre a Torre de Celas, que tería sido un castelo enteiro de terse executado todas as partidas que ano tras ano o goberno municipal destina para ela.

- Enaxenación de terreos, de 50.000€. Xa a interventora no seu informe fala da falta de taxación dos terreos cando si se concreta unha partida determinada.
- PXOM. O goberno municipal leva anos sen facer nada sobre o PXOM, desde a súa aprobación inicial. Sen embargo recolle unha partida para el. Pregunta a quen se lle vai pagar, se é á empresa que fixo un proxecto que non deu resultado e se o goberno municipal faría iso nas súas economías domésticas.
- Investimentos nas melloras de seguridade vial nos polígonos. Pregunta en cales porque do CLT aínda non tomaron posesión porque hai que completar unha liquidación á que lle falta aínda a valoración da báscula. Cre que o Polígono de Alvedro está na mesma situación porque tampouco é de posesión municipal. Pregunta se se vai obrar no alleo porque non está permitido nas leis. En relación co Centro Loxístico de Transportes, está pendente de pagamento a cantidade dun millón e pico de euros ao que hai que sumar a valoración da báscula. Pregunta se no orzamento que se presenta non vai unha previsión de pagamento dese importe ou se xa se pagou e non se deu conta de dita resolución.
- Aparcamentos en Vilaboa. Pregunta se é na Unidade de Actuación 16 como presumiu o goberno municipal desde hai tempo, engadindo que aí non se pode.
- Melloras de accesibilidade e reurbanizacións nos núcleos de Vinxeira, Orro, Boedo, Celas e Bregua. Non se detalla o que vai para cada parroquia, se vai todo para unha, se vai a partes iguais ou se reparte de forma asimétrica.
- Recuperación do Camiño de Santiago na rúa Choeira e na rúa Catas, con cargo aos Edusi. Pregunta se aquilo non está xa pagado a pesar de que había un informe que dicía que estaba sen recibir a obra. Nesta partida fálase tamén de enaxenar terreos. Non entende que na mesma partida se contemple o Edusi e a enaxenación de terreos.
- Cuberta do parque das Brañas. Pregunta se se vai quitar de alí a chatarra que leva dous anos tirada.
- Acondicionamento da Cros. Vén un novo proxecto para a Cros como cada periodo electoral. Hai máis dunha década ía ser un gran centro cultural con auditorio e biblioteca, despois un museo do automóbil con grandes fastos na prensa, máis tarde un centro de investigación e agora un complexo deportivo.

O informe de Persoal non está asinado por ningún técnico, só pola Sra. Concelleira: Se sorprenden de que a concelleira dun goberno que sempre lle espeta á oposición que ela non é técnica e pensa que os da oposición tampouco, asine agora informes que recollen as sentenzas que sentan xurisprudencia que ela escolleu porque lle peta, para xustificar o inxustificable, asinando ela soa o informe. Lle lembra que só os funcionarios públicos poden emitir informes, e ela soa, a señora concelleira de Persoal, reunida consigo mesmo

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

en calquera momento, asina o seu informe para concluír que *"en base a ambas características, a aprobación do cadro de persoal non é unha materia que deba ser obxecto de negociación na Mesa Xeral de Negociación"*.

Lembra ao goberno municipal o que xa lles dixo no debate recente sobre a RPT en relación a que teñen pendente facer unha valoración individualizada dos postos de traballo, cando o goberno municipal xa dixo que hai unha empresa que empezou a facela. Pregunta se o que ocorre é que non lles gusta o resultado que vai dando e por iso prefiren non traela. Remítese ás advertencias feitas en anos anteriores respecto dos complementos de destino e específicos e pasa a ler o seguinte parágrafo: *"Respecto dos complementos de destino e específicos reitérase o sinalado por esta Secretaría en anteriores ocasións verbo de que infrinxe a legalidade a asignación de complementos de destino sen que conste unha valoración obxectiva do posto de traballo e a asignación de complementos específicos sen a previa valoración obxectiva dos postos"*. Os complementos dos funcionarios están postos sen que haxa unha valoración obxectiva do seu posto porque o goberno municipal así o decide, decidindo que funcionarios cobran máis que outros, insistindo de novo nun cadro de persoal no que ata en tres categorías reserva o 100% das prazas para promoción interna, pese ás advertencias reiteradas das habilitadas nacionais nos seus informes. Recorda como a OPE do 2017 caducou por ter un recurso por este motivo e o goberno municipal, non sabe se por vergonza porque tiñan razón e había que tirala abaixo, pese á letanía que sempre teñen de falta de persoal, deixouna caducar.

A continuación pasa a falar do endebedamento. O goberno municipal propón un orzamento con sete millóns de endebedamento a tres meses de finalizar o mandato, sen máis interese que anunciar milleiros de cousas. Esquecen que non foron capaces de executar o orzamento en cada ano nunha porcentaxe que se poida considerar aceptable. Pregunta como se vai crer agora que o goberno municipal vai ser capaz de executar ese orzamento. O endebedamento en si non é o problema senon o como e por qué se fai a tres meses das eleccións. Se, por exemplo, houbera unha ferramenta de planificación, como o PXOM se estivera aprobado, podería acudirse aos aforros ou ao endebedamento porque habería un plan que provocaría un apalancamento e rentaría máis o que se investira do que custaría o financiamento; pero o que ocorre en Culleredo é que o goberno municipal non ten ferramentas de planificación porque non as quere, non quere que haxa un PXOM porque está condicionado a outros intereses e non aos intereses da veciñanza.

Respecto do informe do Consello das Contas di que a memoria da Alcaldía di que *"En canto ás bases de execución do Orzamento, nas que se adaptan as disposicións xerais en materias orzamentarias á organización e circunstancias da entidade, introdúcense unha serie de cambios que se estiman necesarios para unha mellor xestión e realización dos gastos e recadación dos recursos. Así, mellórase a redacción da xestión das partidas incluídas nas bolsas de vinculación, adecúanse as bases nas que se fai referencia ás competencias para a xestión dos gastos á vixente delegación de competencias e, atendendo ás recomendacións do Consello de Contas, introdúcense na base décima unha serie de normas co fin de dispor dun manual dos procedementos de contratación e engádese un capítulo V, dedicado ao control e fiscalización, co fin de contar cun manual de procedementos relacionados coas áreas de control interno, fixando un procedemento para a tramitación das discrepancias cos reparos emitidos pola intervención municipal así como da tramitación das correspondentes resolucións."* O BNG avisou do que estaba a pasar en numerosas ocasións e que agora non pode estar tranquilo coa solución que propón o goberno municipal aos requirimentos do Consello das Contas porque o que indica é que o Concello debe programar a súa actividade de contratación pública e dar a

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

coñecer o seu plan anual de contratación. Pregunta onde está esa planificación anual que se solicita pois o momento de traela é agora, no orzamento, e na documentación que figura no expediente non está. Procede coa lectura doutros parágrafos do informe do Consello das Contas que din o seguinte: *"A entidade local debe mellorar a calidade dos seus procesos de contratación pública, tanto mediante a necesaria planificación dos contratos como dos seus procedementos de tramitación, de tal xeito que se axusten á normativa de contratación preceptiva, co obxectivo de non abusar nin da contratación menor nin da adxudicación directa sen procedemento de contratación e introducir racionalidade no uso dos recursos públicos, libre concorrència, transparencia e integridade, así como nunha insinúa a favor da loita contra a corrupción."* [...] *"A realización de prórrogas tácitas ou verbais pode levar asociado a esixencia das responsabilidades en que, no seu caso, incorresen as persoas funcionarias e autoridades que participasen na actuación contraria a dereito, responsabilidade que, xunto coa responsabilidade penal, pode ser de carácter patrimonial, respecto das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas derivada das súas actuacións en materia de contratación"*. O BNG vai trasladar ao Consello das Contas a petición de que auditen tamén os exercicios 2020 e 2021 e lle informarán de que o goberno municipal, no 2022, seguiu coas mesmas prácticas, porque é importante que a atención ao chamamento do informe do Consello das Contas non quede nun mero formalismo.

Outro dos temas dos que quere falar é do estado de previsión dos movementos e situación da débeda. Pregunta se é a concelleira Sra. Iglesias Becerra a que bota contas sobre o estado da débeda porque o informe que hai está asinado só por ela e que o deste ano di que hai débedas a longo prazo, do 2015 (358.000€), do 2016 (366.000€), do 2017 (333.000€), do 2018 (274.000€), do 2019 (252.000€) e 2020 (294.000€), que suman un total de 1.879.000€, tendo que sumar agora os 7.500.000€ que o goberno municipal quere endebedar. Resulta que no 2022 no informe de estado da débeda estaba todo a cero, aparecendo agora de repente todas as que vén de ler.

Non se lle pode dar credibilidade aos informes do goberno municipal e á propia documentación do orzamento que non trae o avance da liquidación do 2023 e a liquidación do 2022 pese a que no cadro da documentación si hai un cadro que fai referencia a ditas liquidacións. Por todo o que vén de expoñer considera que hai motivos suficientes para que o orzamento que se presenta non sexa aprobado.

Deseguido solicita o uso da palabra a voceira do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o primeiro que quere facer é agradecer a presenza dos veciños de Fonte da Balsa no pleno que acoden para facer forza e conseguir que se deixe de tomarlles o pelo e se arranxen os problemas que teñen nos seus domicilios.

Antes de comezar coa análise dos orzamentos quere facer catro comentarios pois, como en anos anteriores, os orzamentos chegan unha vez máis tarde, pese a que o goberno municipal leva toda a lexislatura con maioría absoluta, o que pón de manifesto a falta de planificación e de traballo polo Concello de Culleredo. Comenta a falta de tempo que se lles dá á oposición para unha análise en profundidade dos orzamentos cando ningún membro da oposición conta con dedicación exclusiva, algo que pon de manifesto tamén a Sra. interventora no seu informe que recolle que, debido a que non contou co tempo mínimo requirido para a emisión do mesmo, limitábase a unha verificación de que no expediente está integrada a documentación esixida. O orzamento non conta con toda a documentación esixible pois non se puxo a disposición o avance da execución orzamentaria do 2022 referido ao mes de xuño do 2022 nin os datos da liquidación do ano 2022 que xa debería estar aprobada desde o 1 de marzo de 2023.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

Entrando na análise xeral dos orzamentos, vese que o importe total do orzamento aumenta un 20%, pese a que o goberno municipal demostrou que non é capaz de executar máis do 50%. Parecelle unha tomadura de pelo e que o papel aguanta todo, e que á vista dos presupostos pódese concluír o seguinte:

Respecto dos ingresos:

- O capítulo de ingresos aparece inflado, demasiado optimista, algo do que xa avisaron os membros da oposición o pasado ano e que recorda a Sra. interventora no seu informe pois os dereitos ordinarios recoñecidos netos ascenden a 22 millóns no 2022, moi inferiores á previsión do 2023, de 26 millóns.
- Inclúense no orzamento dúas previsións de ingresos que en ningún ano se materializaron pois inclúen unha previsión de ingresos de 300.000€ pola venda de terreos de propiedade municipal sen especificar que terreos son ou se hai unha valoración técnica e económica dos mesmos. Contempla tamén este presuposto ingresos por unha taxa por depuración de augas residuais de 500.000€ que, segundo indica a Sra. interventora no seu informe, non foron previstos en exercicios anteriores nin se ingresou un euro por eles polo que non se deberían incluír no orzamento.
- En relación ás subvencións non se acredita ningún compromiso firme de achega destes ingresos presupostados, véndose tamén no ano 2023 que se ingresa un millón menos no apartado de transferencias de capital e correntes.
- Inclúese un endebedamento financeiro a través dun préstamo de 7,5 millóns de euros para o financiamento do 80% dos investimentos e poder maquillar a mala xestión do goberno municipal, deixando claro a Sra. interventora que, se finalmente se materializa dito endebedamento, este deberá ser obxecto de análise e informe específico para poder proceder á operación de crédito, non podendo realizarse o 80% dos investimentos que o equipo de goberno crea no capítulo correspondente.
- Os ingresos están inflados e son demasiado optimistas, polo que a Sra. interventora recomenda novamente que se realice un seguimento da execución presupostaria para que, no caso de que a execución dos ingresos sexa inferior á presupostaria, se tomen medidas rapidamente para o cumprimento da nivelación, aspecto moi importante dado o nivel cuantitativo de gasto que se estima se financie cos ingresos.

Respecto dos gastos, analiza diversos capítulos do orzamento, puntualizando o que deseguido se transcribe:

- No **capítulo 1, gastos de persoal**, o informe da Sra. interventora é demoledor, pois supón o 25% do orzamento municipal e aumenta con respecto ao do ano pasado un 4,8%, sendo o máximo legal dun 2%, indicando aínda así que a dotación de persoal é insuficiente, que a cantidade destinada a complemento específico supera o límite legal establecido, que non hai informe do cumprimento da taxa de reposición e que é moi grave que non coincida a plantilla co anexo de persoal. A política de persoal levada a cabo polo equipo de goberno é pésima e non cumpre coa legalidade tal como se desprende do informe da habilitada, que advirte que hai desaxuste entre os distintos instrumentos de planificación de persoal.
- No **capítulo 2, gastos correntes en bens e servizos**, o importe aumenta ata chegar a 14.500.000€, un incremento do 6,35% respecto dos créditos consignados para o exercicio do 2022 que no seu momento xa aumentara un 14% respecto do de 2021, representando un 42% do total do orzamento. Un bo xestor sería capaz

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

de reducir o importe desta partida e se podería conseguir se o goberno municipal sacase a licitación todos os servizos que se prestan sen contrato, algo que reiteradamente solicitan tanto o Partido Popular como o Bloque Nacionalista e que o Tribunal de Contas referiu no informe que pesentou fai unhas semanas, deixando claro que Culleredo ten unha asignatura pendente cos contratos de auga, limpeza viaria, axuda a domicilio, parques e xardíns, etc.

O Concello de Culleredo ten un importe cada vez maior para gastar e para contraer obrigas sen que existan partidas presupostarias, sen que existan procedementos de contratación que o legalicen, nunha situación que alcanzou xa os nove millóns de euros de reparos suspensivos, o que fai que a aprobación do orzamento sexa un mero trámite pois o goberno municipal non é quen de executar os orzamentos no día a día nin de dar cobertura aos servizos municipais que se están a prestar neste momento de forma contraria á legalidade.

- No **capítulo 6, investimentos**, vese unha vez máis que o orzamento é un documento "continuista" que arrastra partidas desde fai varios anos, vendo proxectos presupostados para anos anteriores que novamente aparecen no orzamento que se presenta para a súa aprobación, o que indica unha pura e dura inacción e inercia de proxectos iniciados en anos anteriores, unha incapacidade do goberno municipal, falto de ideas e dun proxecto global para Culleredo, que en todos os anos de maioría absoluta non foi capaz de executar máis dun 20% do capítulo de investimentos e dunha obra de cada dez anunciadas.

No anexo de investimentos xa avisan de que non están especificadas de maneira clara e concisa, en contra do disposto na lexislación, o que pode constituír unha causa de invalidez do orzamento.

Como investimentos estrela do orzamento, destaca a cuberta das Brañas, o pechamento dun dos edificios da Cros, a compra de locais, os aparcamentos do Burgo e Vilaboa, adquisición de terreos por 50.000€ ou o campo do Carrizo por 600.000€.

Respecto da cuberta das Brañas considera vergonzoso que tres anos despois siga tirada no solo e é unha vergonza tamén que no orzamento que se presenta se recolla unha nova partida de 420.000€ para a mesma cuberta. Pregunta se vai facer alí e se pensan executar o proxecto que xa viron, plaxiado do de Torrelavega. En relación coa Cros di que, botando man da hemeroteca, pódese ver ao actual alcalde xa no ano 2013 dicíndolle ao Sr. Sacristán, entón alcalde, que os edificios da Cros había que tiralos e que esa obra faraónica era unha vergonza, comparándoa co Gaias. Pero máis tarde, desde que o Sr. Rioboo é alcalde e ve que esa zona conta cunha poboación das máis densas de Culleredo, saca propostas novas cada ano ou cada seis meses, pasando por un museo, un tema de coches, un tema de economía circular, piscina e, o último, un complexo deportivo, provocando risa e cero credibilidade na veciñanza.

Ao seu Grupo lle sorprende tamén ver unha partida de 600.000€ para o campo do Carrizo. Pregunta se o goberno municipal chegou a algún acordo co club ou cos seus socios para a cesión da titularidade ou para a cesión do uso e se se van investir 600.000€ nun campo privado.

Sobre o tema da adquisición de terreos por valor de 50.000€ pregunta se son os terreos para levar a cabo o proxecto do que falou o goberno municipal en Fonte da Balsa e pide que se lle diga aos veciños para que son eses 50.000€ e se son para investir alí que expliquen que se vai facer e se xa hai algo en serio.

Botan en falta moitas promesas que non teñen partida no orzamento que se presenta. Cita como exemplos a compra de terreos para os aparcamentos

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

disuasorios no Portádego, a cubrición das vías do tren (para a que xa hai un proxecto), a rotonda que se ía facer no Portádego ou a piscina municipal no complexo deportivo da Cros.

No anexo de investimentos pódense ver tamén certificacións finais de obra das que non se sabe a que obras corresponden. Non pode ser que se dean obras con baixas temerarias e despois se aproben certificacións finais de obra que supoñen un aumento do prezo final de execución dun 25%.

Por último, di que o seu Grupo quere traer tamén a coloción a incapacidade do goberno municipal que, con maioría absoluta, non é capaz de aprobar o Plan Xeral, renunciando á súa aprobación na actual lexislatura cando nas eleccións se comprometera a telo aprobado nos seis primeiros meses. Non se convocou nin unha soa reunión e que se debe liquidar á empresa redactora e contratar de novo, facendo as modificacións solicitadas polos habilitados nacionais. O Plan Xeral lle daría a Culleredo a competitividade que necesita e a súa aprobación significaría conseguir solo industrial a prezo competitivo e que viñeran empresas a Culleredo, convertendo ao Concello en motor xerador de emprego na comarca para a xente moza de Culleredo, fundamental nos tempos nos que se está.

- Non hai unha soa línea adicada ás políticas públicas de vivenda. Pidelle seriedade ao Sr. alcalde e que solicite axuda aos seus compañeiros socialistas alcaldes noutros Concellos para resolverlle as dúbidas que poida ter e que Culleredo vaia mellor, anunciando que o voto dos membros do seu Grupo será en contra porque non poden aprobar os orzamentos que se presentan.

A continuación solicita de novo o uso da palabra a concelleira do Grupo Político do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que os presupostos que presenta o goberno municipal foron feitos de acordo coas necesidades dos veciños e veciñas de Culleredo e coas propostas que eles mesmos transmitiron, e que redundarán en beneficio de todos pois están pensados para axudar a todos, especialmente ás persoas máis vulnerables, porque permiten conceder axudas a quen máis o necesita, ofrecer uns servizos públicos de calidade, realizar actividades sociais, culturais e deportivas para toda a sociedade, xerar emprego e contribuir á seguridade viaria e á mellora das infraestructuras e instalacións grazas ao gran esforzo inversor deste presuposto.

Tanto o Sr. Chouciño Garrido como a Sra. García Gorostizu, en reiteradas ocasións, falan da baixa execución do orzamento en anos anteriores dando a entender que en Culleredo non se fai nada, falando dun nivel de execución dun 50% do orzamento do 2021. Aclara que durante ese ano se incorporaron ao orzamento 14 millóns de euros sobre o orzamento inicial polo que, tendo en conta isto, a execución real sobre os créditos iniciais foi dun 82%. Se reiteran investimentos porque é necesario levalos a cabo e en moitas ocasións non se pode rematar todo no mesmo exercicio debido ao tempo de tramitación administrativa. Refire varios exemplos de licitacións no ano 2022 cos escasos medios personais cos que se conta no departamento de Contratación do Concello, citando as seguintes:

- Reforma da Praza de Galicia e o seu entorno
- Mellora da intersección da antiga N-550 coa rúa Alcalde Domingo Sierra, coa rúa Xafonte, coa rúa Calzada e coa rúa Vicente Risco, incluída no POS+2022
- Mellora da seguridade viaria na antiga N-550, no tramo da Corveira
- Urbanización da rúa Visitación de la Encina, rúa Poeta Luz Pozo, avda. de Ribados e rúa Gumersindo Pereira Nouche
- Renovación da rúa Laxe

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

- Ampliación e mellora da drenaxe e os pavimentos na rúa Nabeiras, na rúa Outeiro de Abaixo e na rúa Silvar
- Pavimentación en rúa Seara hasta Cillobre, rúa As Barreiras y rúa As Reixas
- Renovación dun vial en Castelo
- Renovación dun vial en Vinseira pequena
- Renovación da rúa Cruces
- Arranxo de vías municipais en Folgueira e en rúa Vixía
- Cubierta pista polideportiva de Ledoño- Culleredo
- Mellora da eficiencia enerxética das instalacións nos bombeos residuais de Aceadama e Alvedro
- Construción do centro rural dinamizador de persoas maiores en Celas

Os investimentos que non se puideron executar polos tempos de tramitación administrativa dos que falou, tendo en conta ademáis a incorporación de remanentes que houbo a finais do 2022, que entrou en vigor a finais de ano, con cargo ao superávit do ano anterior, incorpóranse agora xunto con outros novos investimentos ao presuposto do 2023. Están pendente, tamén, a incorporación de remanentes do ano anterior na que están incluídos os viais de Fonte da Balsa. Hai que aproveitar a supresión das regras fiscais que permiten neste momento incorporar eses investimentos e que se se suspendera dita supresión non se podería.

Respecto ao informe do Consello de Contas e atendendo as súas recomendacións introdúcense na base décima unha serie de normas co fin de formalizar un manual dos procedementos de contratación, engadindo tamén un capítulo V, dedicado ao control e fiscalización, de acordo coas indicacións da intervención municipal, co fin de contar cun manual de procedementos relacionados coas áreas de control interno, fixando un procedemento para a tramitación das discrepancias cos reparos emitidos pola intervención municipal así como da tramitación das correspondentes resolucións, algo que xa se estaba a facer pero que agora queda reflexado nas bases de execución.

Respecto á formalización dos novos contratos no orzamento que se está a presentar, dótanse as partidas orzamentarias necesarias para sacar a licitación o servizo de axuda no fogar, de limpeza viaria, de abastecemento de auga potable, de mantemento de xardíns, o que supón a necesidade de incrementar ditas partidas xa que os técnicos informan que hai que incrementalas unha vez que se saquen a licitación debido ao incremento de prezos.

Respecto aos informes do anexo de persoal e do estado da débeda e o informe económico-financeiro, son informes que se asinan politicamente, engadindo que o Sr. Chouciño Garrido non é que non o saiba senón que trata de confundir coa súa intervención

Sinala que o informe da intervención indica que as dotacións de persoal son insuficientes para un adecuado desenvolvemento dos servizos básicos. O equipo de goberno coincide plenamente co indicado pola Sra. interventora pero hai que ter en conta que, como tamén recolle ela na súa análise, o incremento das cantidades adicadas a gasto de persoal está taxado pola Lei de orzamentos, sen que se poida incrementar o número de efectivos para poder afrontar a tramitación de expedientes e procedementos con maior dilixencia. No seu informe a Sra. interventora fai unha observación respecto de que non consta informe do departamento de persoal sobre o cumprimento da taxa de reposición, e indica que se incorporará coa aprobación da oferta pública de emprego. Tal como sinala a Sra. interventora no seu informe, nin as modificacións da RPT, inicialmente aprobada, poden ter efectos na execución do orzamento ata que estea definitivamente aprobada, nin a aprobación do orzamento supón a aprobación das modificacións da RPT.

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

En relación co dito sobre o proxecto para Fonte da Balsa, xa está recollido no orzamento que se presenta e a partida que ía para viais vai con cargo á incorporación de remanentes.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, dille á Sra. Iglesias Becerra que a documentación que se puxo a disposición está incompleta pois a Sra. interventora no seu informe di que o proxecto de orzamento xeral formarao o presidente da Entidade sobre a base dos orzamentos e estados de previsión e que a el se unirá a documentación sinalada no Real decreto legislativo 2/2004, Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, entre a que se encontra a liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente referida, alomenos, a seis meses do exercicio corrente para cando o orzamento se presenta en prazo, é dicir, no último trimestre do exercicio previo ao exercicio no que se ten que aplicar. Dado que o orzamento que se presenta é para o exercicio 2023, no último trimestre do 2022 tería que presentarse a liquidación do orzamento do 2021 e avance da do 2022, como mínimo, referido aos primeiros seis meses. Esa documentación non está e é imprescindible para valorar o avance do futuro remanente no que o goberno municipal fía a inclusión do endebedamento de 7,5 millóns de euros no orzamento.

A Sra. Iglesias Becerra di que lle estraña que non atope os documentos referidos na documentación porque considera que se puxo a disposición de toda a Corporación o expediente no que figura tanto a liquidación do orzamento do 2021 como o avance da liquidación do orzamento do 2022.

O Sr. Chouciño Garrido lle entrega ao Sr. secretario a impresión do índice e do índice por capítulos e di que está baleiro no trámite referido.

A Sra. García Gorostizu di que os membros do seu Grupo tampouco foron quen de descargar dita documentación porque figuraba como arquivo baleiro.

O Sr. Alcalde-presidente di que se mirará o expediente para ver que pasou.

A Sra. Iglesias Becerra di que descoñece o que pasou e que na documentación do Pleno si estaba e lembra que si estaba o expediente do orzamento completo. Da por suposto que, cando desde Secretaría se pon a disposición o orzamento, se inclúen todos os informes e pide disculpas se se cometeu algún erro.

O Sr. Alcalde-presidente di que el descargou o expediente no ordenador polo mesmo procedemento polo que todos o poden descargar e que ten absolutamente todo.

A Sra. García Gorostizu di que a Sra. interventora no seu informe fai referencia a ese documento pero que cando descargou o expediente e clicaba nese trámite lle aparecía que "*non existen documentos asociados ao trámite*"

A Sra. Iglesias Becerra di que cando se detecte algunha anomalía coa posta a disposición de calquera documentación roga que a chamen para ver se hai algún erro e poder subsanalo.

O Sr. Chouciño Garrido di que os membros da oposición non son o control de calidade dun



Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

gobierno municipal incapaz que ten dedicación exclusiva ben remunerada polo erario público. A oposición non ten dedicación exclusiva e ás veces quedan ata altas horas da madrugada para poder ver a documentación. Ademais, a propia interventora xa di que fai un informe limitado porque non contou co prazo mínimo establecido para a súa emisión e dito informe é crucial para que todos os concelleiros e concelleiras se poidan facer unha idea da forma na que se fan as cousas e podería aclarar se os informes asinados polas concelleiras poderían ir así ou se terían que ir asinados polos funcionarios aínda que despois os cofirmaran as concelleiras. Engade que o que lles agrada é que o goberno municipal acaba de recoñecer o feito de que a oposición non tiña a documentación completa, motivo de impugnación dos orzamentos.

O Sr. Alcalde-presidente di que non pode poñer en boca do equipo de goberno o que vén de dicir pois eles contan con toda a documentación e a descargaron e o que dixeron foi que se nalgunha ocasión a eles lles faltou algún documento chamaban ao Concello e rapidamente llo poñían á súa disposición. Respecto aos informes asinados polos políticos, hai que ter en conta que o presuposto é un documento político e se trata de informes anexos que asinan os políticos en calquera Concello, existindo tamén os informes técnicos que están asinados polos técnicos.

O Sr. Chouciño Garrido di que agradece as puntualizacións do Sr. alcalde pero que entón, ao que pon o anexo de persoal e ao que pon no informe do estado da débeda non se lles pode facer caso ningún porque non son informes técnicos.

O goberno municipal fala de que os orzamentos foron feitos tendo en conta as achegas veciñais e pregunta onde están e se son tamén documentación oculta. Supón que o goberno municipal terá un acceso distinto á documentación de forma completa antes de que se poña a disposición dos restantes membros da Corporación para un pleno ou unha comisión; pero que a eles se lles pon de forma puntual. Se non saben como facer ben as cousas que pidan axuda.

O Sr. alcalde-presidente reitera que el descargou a documentación da plataforma, do mesmo sitio que o resto da Corporación.

O Sr. Chouciño Garrido di que entre a documentación non están as liquidacións referidas nin as achegas veciñais. A Sra. Iglesias Becerra se queixa de que o BNG os acusa de non facer nada e fai unha relación de obras engadindo que o problema do goberno municipal é que o seu Grupo leva 40 anos gobernando e o ve como o estado natural das cousas e non computan os periodos de catro en catro anos, pero os mandatos son de catro anos e sobre eles é onde hai que valorar. O actual goberno leva catro anos e o Sr. alcalde seis, podendo dispoñer cada ano dunha media de 25 millóns de euros, 100 millóns en catro anos e 150 nos seis que leva o Sr. Rioboo gobernando, dos cales 3 como mínimo son para investimento, 12 en catro anos e 18 en seis anos.

Respecto do Consello *das* Contas o goberno municipal di que xa introduciu uns procedementos pero ao non contar a Sra. interventora con tempo suficiente para emitir o seu informe, non se sabe se ditos procedementos son suficientes nin se son os idóneos. Ademais esixe unha planificación das licitacións porque, como xa recordan reiteradamente desde a oposición, o goberno municipal ten sen licitar o servizo de auga potable desde o ano 2014, facéndose os pregos de contratación pero deixando todo parado porque foron impugnados por unha soa cuestión, cre recordar, se era un contrato de servizos ou de concesión de servizos. O servizo de limpeza viaria, sen contrato desde o 2012, publicitándose un anuncio de licitación no 2018 non só na Plataforma de Contratación do

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M</b>	

Estado senón tamén no Diario da Unión Europea por un importe de cinco ou seis millóns de euros, pero o goberno municipal prefire non impulsalo e contratar orquestras porque para iso si hai técnicos municipais. Seguiría coa limpeza de edificios, a xardinería, a axuda a domicilio, moi relevante polo seu contido e polo seu importe. Todos están sen licitar, o que significa que o goberno municipal paga as facturas que a Sra. interventora repara, sen que se faga planificación ningunha.

Respecto da RPT a Sra. iglesias Becerra dixo que se empezará a pagar cando estea definitivamente aprobada pero o feito é que se se chega a aprobar definitivamente se estaría pagando máis a cada un deses postos que soben dunha forma arbitraria, sen fundamento, sen unha negociación, e veranse algúns postos, especialmente os do Gabinete da Alcaldía, máis remunerados.

Respecto do tema de Fonte da Balsa, o goberno municipal débelle unha boa explicación a toda esa xente porque se hai pendente un trámite pódese facer un cronograma e poñer datas.

A continuación solicita novamente o uso da palabra a voceira do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que respecto ao referido pola Sra. Iglesias Becerra sobre que o Concello vai pagar máis polos servizos unha vez que se liciten, sería Culleredo o único Concello ao que lle pase iso. Pon como exemplo un concello cercano no que sacaron o contrato da auga e os veciños pagan menos polo metro cúbico do que paga Culleredo sendo a mesma empresa a que dá o servizo, comprometéndose tamén a empresa con ese concello a facer investimentos no mantemento das instalacións por importe de 2.500.000€.

Remata a súa intervención dicindo que o orzamento que se presenta pódese resumir en que infla os ingresos, non contén o gasto corrente e pretende endebedar a Culleredo en 7.500.000€.

O Sr. Alcalde-presidente e di que os servizos custan moitos máis cartos cando se licitan e que hai novas zonas no servizo de limpeza viaria ou no servizo de xardinería e contéplanse todos esos espazos, aparte do incremento dos servizos de mantemento tal como se pode ver nos orzamentos que se presentan.

Considera que as posturas dos diferentes Grupos están perfectamente expostas e que vai proceder a someter o asunto a votación.

Sometido pola Presidencia o asunto ditaminado a votación ordinaria, con doce (12) votos a favor, os dos representantes do grupo municipal do PSdG-PSOE; e oito (8) votos en contra, os dos representantes presentes dos grupos municipais do PP (2), BNG (3) e Alternativa dos Veciños (3); o Pleno municipal acorda:

**Primeiro.-** A aprobación inicial do Orzamento do exercicio económico do 2023 así como das bases de execución, do cadro de persoal, masa salarial do persoal laboral e o resto de documentos anexos, que ten o seguinte resume:

Estado de ingresos		
Cap.	Descrición	Importe
1	Impostos directos	10.095.500,00 €

2	Impostos indirectos	1.864.014,40 €
3	Taxas e outros ingresos	3.984.486,69 €
4	Transferencias correntes	9.944.447,34 €
5	Ingresos Patrimoniais	8.800,00 €
6	Alleamento inversións	300.000,00 €
7	Transferencias de capital	836.770,18 €
8	Activos financeiros	15.000,00 €
9	Pasivos financeiros	7.420.677,79 €
Total		34.469.696,40 €

Estado de gastos		
Cap.	Descrición	Importe
1	Gastos de Persoal	8.795.954,76 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	14.594.847,28 €
3	Gastos financeiros	103.233,01 €
4	Transferencias correntes	2.149.300,00 €
6	Inversións reais	8.810.361,35 €
8	Activos financeiros	15.000,00 €
9	Pasivos financeiros	1.000,00 €
Total		34.469.696,40 €

C.I.F. P-1503100-H

**Segundo.-** De conformidade co sinalado no artigo 169 do Real Decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a presente aprobación será unha aprobación inicial, trala que o Orzamento exporase ao público por quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o devandito prazo, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O Orzamento do exercicio económico de 2023 considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se tivesen presentado reclamacións e entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista no apartado terceiro do artigo 169 do RDL 2/2004.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e dous minutos do expresado día "*ut supra*".

Código do documento	Código do expediente
<b>USG17I01SP</b>	<b>USG/2023/37</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
4K0J 5E0K 0G56 3C41 0S1M	

Autorízase a presente acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e do secretario xeral, que dá fe.

### **DILIXENCIA DE APROBACIÓN**

Apróbase a presente acta na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 30/03/2023, segundo o borrador asinado o día 22/03/2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e do secretario xeral, que dá fe.

C.I.F. P-1503100-H